

O RÁNKING DAS UNIVERSIDADES

Un [estudio](#) dirixido polo profesor De Miguel, catedrático de socioloxía da universidade de Barcelona e publicado na revista Gaceta Universitaria, alterou o remate de curso de moitas universidade españolas, nun mes, no que moitos estudantes están decidindo onde e que estudar. O informe, que non deixou indiferente a ninguén, obrigou a moitos rectores a facer declaracións públicas nas que según o posto acadado chufaban ou critican o estudio.

O rector da Universidade de Vigo, Domingo Docampo, nun artigo publicado o 30 de xuño no [Faro de Vigo](#), a unha pregunta sobre a posición acadada pola universidade no [ráanking](#) dicía que: “Bueno, eu sobre eso non sei nada: comigo ninguén falou, pero as veces lle adxudican a un o que se lle supón que pensa, pero comigo ninguén falou”. É curioso que afirme isto porque nunhas declaracións feitas polo xefe de prensa da Universidade de Vigo, postas en boca do rector, afirmase: “os indicadores utilizados para elaborar este ránking non parece que teñan suficiente acreditación para ser referentes de calidade. Non se ten en conta por exemplo, a obtención de recursos de investigación en concursos públicos. En resume, non nos identificamos co posto que se nos asigna”. Nas outras universidades galegas, Meilán Gil non fai declaracións e o rector de Santiago Senén Barros, aplaude o estudio e subliña que a súa universidade é a primeira, fóra das que están nas grandes urbes, que aparece na cabeza. Das [declaracións](#) doutros rectores destacamos un perla dita por Rosario Valpuerta, rectora da Pablo Olavide, que afirma: “non se pode incluír como un parámetro de calidade a proporción de PAS e profesores cando a tendencia actual é a externalizar os servicios” [sic].

Para facer este estudio os autores extraen os datos do Instituto Nacional de Estatística e do Ministerio de Educación e miden a calidade utilizando un centenar de indicadores distintos que agrupan en seis factores: de desenvolvemento, factores de contexto, estrutura organizativa, recursos humanos e físicos, procesos de feminización como indicadores de modernidade, estudos de terceiro ciclo e investigación e, por último, o factor de produtividade das carreiras e dos doutorados. O [índice final](#), que os autores denominan clásico, está formado por un conxunto de indicadores de calidade que son os máis representativos no ámbito internacional: FET é o número de centros con carreiras de ciclo largo; PRO é a taxa de profesores medida en número de profesores por cada cen estudantes; LBE mide o número de libros de biblioteca por cada estudante; MPR é a proporción de mulleres do profesorado total da universidade; ETC é a proporción de estudantes que rematan a carreira nos anos xustos; TDE é a taxa de títulos de doutor concedidos ó ano por cada mil estudantes na universidade. A este índice clásico lle engaden, desta vez, [outros indicadores](#), e así, no apartado de recurso humanos introducen, por exemplo, o PAS, que mide a taxa de persoal de administración e servicios posta en relación co número de estudantes.

A competencia entre universidades para captar estudantes forma parte dunha estratexia conxunta de mercantilización do sistema educativo que inclúe tamén a redución do financiamento por parte do estado á universidade pública, por esta razón os datos destes estudos privados hai que tomalos con cautela, non obstante, aínda que os criterios empregados poderían ser distintos e, polo tanto, obter outros resultados, na comparativa hai un serie de datos que si son de interese e mal fariamos, se por saír mal parados, pecháramos os ollos as conclusións que fan neste traballo. Cando menos que nos sirvan para tomar nota e mellorar naqueles puntos máis febles. Dentro de non moito tempo será a Axencia da Calidade a que faga estes ránkings e daquela xa non teremos escusa.

A Universidade de Vigo figura nesta lista no posto 41 cunha nota de 4,8 o que significa que estamos entre as oito universidades que non chegan ó 5, é certo que melloramos con respecto o estudio anterior (subimos dous postos) pero non deixamos de estar na cola. Lendo con atención os datos dedúcese que temos sobre todo unha carencia importante en recursos, tanto humanos como materiais. A nosa taxa de profesores por cada cen estudantes é de 4,0, a de PAS, aínda que non aparece nos datos publicados, anda en torno a esa cantidade, de tal xeito, que ocupamos o antepenúltimo posto no ránking de persoal superando só a Pablo Olavide e a UNED. O número de libros por cada estudante é de 8,7 cifra moi baixa se temos en conta que a media global no estado é de 17 libros.

A proporción de mulleres do profesorado do total da universidade e de 37 sobre 100 bastante lonxe aínda do ideal 50%. A proporción de estudantes que rematan a carreira nos anos xustos é de 59 (este indicador penaliza as universidades que teñen máis carreiras técnicas pois o normal e que un estudante empregue 6 anos para acabar unha diplomatura e nove para unha licenciatura). A nosa taxa de TDE (títulos de doutor concedidos o ano por cada mil estudante) é de 1,4; entre 51 universidades, públicas e privadas que posúen este dato, ocupamos o posto 44.

Unha das conclusións que nós extraemos deste estudio é a relación existente entre dotación de recursos e bos resultados. Toda política de calidade que pretenda ter éxito ten que partir desta premisa. Nas críticas que fan algúns rectores a este estudio apuntan a necesidade de valorar outros factores como a obtención de recursos de investigación, a inserción dos titulados, a inversión en fondos bibliográficos anual... Nós tamén nos queremos sumar a esta petición de outros indicadores, e así pedimos que as axencias oficiais de avaliación da calidade, cando fagan os seus estudos, teñan en conta tamén a estabilidade do profesorado e do PAS, a precarización do traballo non é un signo de calidade aínda que a LOU, por exemplo, permita que a taxa de contratados poda ser de ata o 49% para o PDI.

Os autores do estudio conclúen afirmando que o futuro da universidade é a calidade que eles entenden como: consolidar o profesorado contratado [tamén o PAS, engadimos nós], incrementar a taxa de profesores [tamén de PAS] por cada cen estudantes, mellorar a calidade da docencia, conseguir que unha

maior parte do profesorado teña o doutorado e realmente investigue, coordinar investigación con docencia, aumentar o número de opcións reais para os/as estudantes, mellorar o salario dos/as profesores [tamén do PAS], mellorar os recursos das bibliotecas, conseguir unha verdadeira participación dos/as estudantes nos procesos de toma de decisións, aumentar o pensamento crítico dentro da universidade, conseguir que máis estudantes rematen a carreira, incrementar o número de estudantes que realizan estudos no estranxeiro, etc.

A calidade debe servirnos, non para cumprir unha obriga imposta, senón para mellorar o que facemos, para ser máis eficaces, e deste xeito, ó tempo que ofrecemos un bo servizo á sociedade, defenderemos a universidade pública, a universidade da igualdade de oportunidades.

“Unha organización que chega a un tamaño estable, debe planificar non a expansión senón a consolidación e a mellora da calidade. Eso é o que se entende en forma resumida por *excelencia*”. Esta cita é un bo resumo do camiño que nos queda por andar. De nós, e dos recursos que academos, depende.

Na web: <http://es.geocities.com/estudiocalidad/> pódese consultar un resumo e parte das táboas deste estudio